

TARTARUGA VS. LEBRE O DESQUITE

Texto e ilustracións de DAVID PINTOR

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €

[Tartaruga vs. Lebre. O desquite](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-227-4. Álbum ilustrado. Demademora.

[Tortuga vs. Liebre. La revancha](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-228-1. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Tortuga vs. Liebre. La revanja](#) (català)

ISBN 978-84-18558-69-6. Álbum ilustrat. Obres d'autor.

[Erbia eta Dortoka. Bigarren aukera](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-337-0. Album irudidunak. Egile lanak.

[Tartaruga vs Lebre. A desforra](#) (português)

ISBN 978-989-749-170-2. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Tartaruga vs Lepre. La rivincita](#) (italiano)

ISBN 978-84-1343-222-9. Albo illustrato. Gli albi di autore.

- Por que non botamos unha carreira?

- De acordo!


- Morderás o po! Comerás terra! A ver se me colles!

«Tartaruga vs. Lebre. O desquite» é unha versión transgresora, humorística e divertida da fábula que protagonizan o máis lento e o máis veloz dos animais campestres. David Pintor propón desmitificar o relato que, desde tempo inmemorial, forma parte do imaxinario colectivo a través do legado de autores clásicos como Esopo, La Fontaine ou Samaniego. Esta revisión amosa unha lebre desconforme coa derrota e que volve retar o seu rival. Nesta ocasión, as lectoras e os lectores convértense en espectadores da intrahistoria desta mítica carreira para descubrir que a tartaruga non só é un emblema da perseveranza, da constancia e da determinación para conseguir un obxectivo, senón que, para logralo, tamén é necesario aplicar a intelixencia... e algún que outro truco.

A lebre quedara perplexa ao ver que a tartaruga cruzara antes a meta, pero o seu asombro vai en aumento en posteriores desafíos cada vez que descobre os métodos que utiliza este pícaro réptil para intentar adiantala. Fronte a unha lebre farfallana que presume da súa rapidez, a tartaruga móstrase serena e ocorrente, sorteando as regras con alternativas enxeñosas e sorprendentes.

Ante a brevidade do texto, de formato dialogado, as ilustracións sustentan un maior peso narrativo.

Destacan pola expresividade dos personaxes e o dinamismo das escenas, acentuado polos trazos áxiles e o uso de recursos visuais procedentes do cómic.



■ **Temática:** versión transgresora da fábula clásica.

■ **Idade recomendada:** desde 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** humor, xogo; fábulas clásicas, animais; intelixencia, perseveranza, enxeño; antónimos: rapidez, lentitude; do ilustrador de «[Sete chaves para abrir os soños](#)», «[Almanaque musical](#)», «[Brinca vai!](#)», «[Radio Bulebule](#)», «[Nicomedes o pelado](#)», «[Contos para nenos que dormen deseguida](#)», «[Minimalario](#)» e autor da serie «[Cidades](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-desquite-g>

David Pintor

(A Coruña, 1975)

Humorista gráfico, ilustrador e pintor. Recibiu, entre outros, os premios Andersen 2015 (Italia) e Nami Island 2013 (Corea), o premio da Society of News Design, o Pura e Dora Vázquez de ilustración, o Premio Internacional Clermont-Ferrand de cadernos de viaxe, o Premio Ilustrador do Ano Città del Sole, o 2.º Premio da Feira do Libro de Sharjah (Dubai) polas ilustracións de «Almanaque musical» e o Premio Follas Novas 2022 de libro ilustrado por «[A Coruña](#)». Ademais, foi finalista dos CJ Picture Book Awards (2011) e incluído na lista The White Ravens (2009, 2011 e 2014). A súa obra foi seleccionada en varias edicións da Bienal de Ilustración de Bratislava e da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña.

<http://www.davidpintor.com>

